

TESTAMENTO SOLIDARIO



Apoia unha boa causa sen prexudicar aos herdeir@s lexítimos

Un testamento solidario é un sinxelo acto de liberdade. Non é necesario un gran patrimonio, porque calquera aportación ten impacto na atención diaria ás persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual.

Un testamento solidario consiste en incluír a unha ou varias ONG entre os beneficiarios dunha herdanza de maneira en que non prexudique en ningún caso aos herdeir@s lexítimos.

É ademais un exemplo de coherencia cando se inclúe, ademais de aos teus, a quen tamén o precisa e desexas axudar. Por iso a lei fai posible que poidas deixar parte do legado a entidades sen ánimo de lucro como Down Galicia. **As ONG non están suxeitas ao Imposto de Sucesións**, polo que a doazón chega de maneira íntegra.

É importante facer un testamento?

Aconséllase facer testamento para decidir o destino dos teus bens e dereitos e protexer así os intereses dos teus herdeir@s. Se non o fas será a lei quen determine quen son as persoas herdeiras forzosas e, na súa ausencia, a herdanza pasará a disposición das administracións.

Prexudico aos herdeir@s lexítimos facendo un testamento solidario?

Non. A lei protexe as persoas consideradas lexítimas herdeiras facendo unha **obligada división da herdanza en tres partes iguais**, repartindo así o conxunto de bens, dereitos e obrigacións dunha persoa. A división, segundo marca a lei, é a seguinte:

- Lexítima: 1/3 da herdanza correspóndenlle ás persoas herdeiras forzosas a partes iguais.
- Mellora: 1/3 da herdanza correspóndenlle ás persoas herdeiras forzosas pero non necesariamente a partes iguais, o que permite escoller o peso do reparto.
- **Libre disposición: 1/3 da herdanza pode recibilo calquera persoa ou entidade sen ánimo de lucro.** Por iso Down Galicia pode recibir doazóns sen prexudicar ao resto das partes do reparto.



Que faría Down Galicia co teu legado solidario?

As 7 entidades que forman **Down Galicia** teñen como **principal obxectivo mellorar a calidade de vida** de cada persoa coa síndrome de Down e discapacidade intelectual e das súas familias. Defender os dereitos destas persoas é a súa loita constante, que se afronta a través da **reivindicación da inclusión social plena** e da utilización dos recursos habituais da sociedade.

A atención diaria que ofrecen **abranguen o ciclo da vida de cada persoa**. Desde a atención temperá aos máis pequerrech@s, pasando pola inclusión educativa na escola, a formación e emprego e o envellecemento activo. Unha atención adecuada ás necesidades de cada persoa é fundamental **para que se poida vivir do xeito máis pleno e digno posible**.



Como podo deixar un legado a Down Galicia?

Para apoiar a Down Galicia co teu legado non é necesario un gran patrimonio, porque calquera aportación, sexa en forma de fondos como de bens, **é valiosa e ten impacto na atención diaria** ás persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual. Ademais, as ONG non están suxeitas ao Imposto de Sucesións, así que a doazón chega íntegra.

É un trámite sinxelo e rápido que debes comentar cun notari@, que che axudará na redacción dun testamento que respecte os teus desexos e os dereitos dos teus herdeir@s. Os datos necesarios para deixar parte do teu legado a Down Galicia son os seguintes:

Nome social: Federación Down Galicia.

Enderezo social: Rúa Alejandro Novo González, nº1 - 15706 - Santiago.

CIF: G15665144

Se xa teño testamento, teño que refacelo para incluír a Down Galicia?

Si. É necesario modificar o testamento incluíndo expresamente a vontade de deixar a herdanza ou determinados bens a favor de Down Galicia.

Queres saber máis sobre o labor de Down Galicia?

Podes coñecer máis sobre o traballo diario de Down Galicia:

Web: downgalicia.org

Enderezo: Rúa Alejandro Novo González nº1 - Santiago de Compostela

Teléfono: 981 58 11 67

E-Mail: downgalicia@downgalicia.org

Toda a información sobre as actividades e o destino dos fondos de Down Galicia **é sempre pública e podes consultala** no noso Portal de Transparencia: downgalicia.org/transparencia.

Séguenos!

